

Reunida a Comisión de valoración de investigacións, prevista na cláusula terceira do Convenio de colaboración entra a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Universidade de Santiago de Compostela, a través do Instituto de Ciencias da Educación, para colaboración en materia de investigación e de comportamento ético, e integrada por investigadores das tres universidades públicas de Galicia e da consellería competente en materia de educación, en sesión ordinaria o día 19 de decembro de 2023, ao respecto da valoración das solicitudes realizadas ao abeiro da Instrución 4/2023 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para a autorización de realización de estudos no ámbito educativo,

ACORDA:

1. Que todos os traballos que impliquen recollida de datos no marco de materias curriculares teñan a consideración de traballos académicos e non precisen de valoración por parte desta Comisión. Recoméndase que conten coa autorización da Secretaría Xeral da universidade correspondente e, unha vez obtida, poidan realizarse directamente. En ningún caso terán a consideración de investigación polas circunstancias do seu desenvolvemento e os datos recadados non poderán ser utilizados por si mesmos ou de xeito acumulado para unha finalidade distinta da propia da materia como publicación de estudos científicos. Para poder utilizar os datos con esa finalidade deberá realizarse unha proposta de investigación independente e desvinculada da materia que será valorada como tal.
2. Que todas as peticións relativas a traballos que impliquen recollida de datos no marco de Traballos de Fin de Grao (TFG) e de Fin de Máster (TFM), aínda que supoñen unha primeira aproximación á cuestión investigadora, non serán considerados como investigacións senón como traballos académicos. Como tales estímase que non precisan da valoración por parte desta Comisión pero deberán contar coa validación do Comité de ética da facultade correspondente. Os datos recadados non poderán ser utilizados por si mesmos ou de xeito acumulado para unha finalidade distinta da propia da materia como publicación de estudos científicos. Para poder utilizar os datos con esa finalidade deberá realizarse unha



proposta de investigación independente e desvinculada da materia que será valorada como tal.

3. En ámbolos dous casos serán as universidades correspondentes a encargadas de ditas as instrucións oportunas e velar polo cumprimento da normativa vixente (incluída a relativa á protección de datos). Ademais, deberán terse en conta as seguintes consideracións:

- En todo caso deberá advertir o carácter estritamente voluntario da participación na actividade tanto por parte do equipo docente do centro educativo como do alumnado e as súas familias.

- A base lexitimadora para o tratamento que no seu caso se realice de datos de carácter persoal será o consentimento que deberá solicitarse de xeito expreso a todas as persoas que participen. Consentimento que será informado de acordo co establecido no artigo 13 do RXP, debendo conservarse pola persoa solicitante da autorización os documentos nos que se solicitou o dito consentimento debidamente prestado.

- Non será posible pasar formularios nos que non se garanta a total anonimidade dos participantes na actividade, de xeito que non recollerán datos que identifiquen ou fagan identificables aos/ás participantes.

- Manterase o debido deber de sigilo sobre todas aquelas cuestións ás que se teña acceso durante o desenvolvemento dos traballos académicos mencionados.

En Santiago de Compostela, (data na sinatura dixital)

A secretaria comisión

